



ESCRITO SOLICITUDE DE CONSTITUCIÓN DUN GRUPO DE TRABAJO PARA A IMPLANTACIÓN DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL EN TABOADA (LUGO)

I.- Antecedentes

Durante os últimos anos e dacordo os datos do Instituto Nacional de Estadística, produciuse en España, un descenso da natalidade dun 29% con respecto a décadas anteriores.

A despoboación en xeral e o éxodo rural en particular é un feito, e temos que adaptarnos á unha nova realidade social e económica tamén no noso municipio, onde a poboación total decreceu preto dun 45% nos últimos 30 anos.

Por tanto, podemos deducir que a día de hoxe o noso concello non demanda os mesmos servizos que en anos pasados. Por ese motivo existen instalacións infrautilizadas que poderían albergar iniciativas, neste caso educativas, que axudasen a vertebrar o tecido empresarial de Taboada e manter en funcionamento eses servizos esenciais que favorecerían a fixación de poboación.

A día de hoxe, en Taboada, dispoñemos dun Centro Público Integrado que consta de dous recintos educativos, un destinado a educación infantil e primaria e outro ó ensino secundario. Tendo en conta que ámbolos dous teñen unha escasa ocupación, desde a Asociación de Comerciantes e Industriais do Municipio de Taboada (en adiante ACIMTA), propónse o que a continuación segue;

II.- Ciclos Medios e Superiores de Formación Profesional

ACIMTA considera que é fundamental a existencia dunha oferta educativa profesional adaptada ós novos tempos e á realidade empresarial do municipio, que repercuta no tecido socioeconómico do concello en forma de Ciclos Medios e Superiores de Formación Profesional.

Unha oferta ampla de estudos profesionais, dinamizaría o tecido económico de Taboada, estimulando o consumo por un lado e apoiando o crecemento empresarial por outro.

Ademais do anterior, conseguiríamos dar utilidade a costosos edificios públicos, evitando un peche practicamente asegurado por ausencia do alumnado co paso dos anos.

Unha inversión en formación motivaría que centos de estudantes tivesen en conta o municipio de Taboada á hora de decidir o seu futuro profesional.

III.- Consello Municipal de Formación Profesional

Creemos de vital importancia crear, a imaxe e semexanza de outros municipios como Elda (Alicante), un Consello Municipal de Formación Profesional onde se integren os concelleiros de Educación e Industria coa finalidade de iniciar os contactos con representantes da administración educativa, representante do instituto, familias, docentes, sindicatos, empresarios da localidade, ACIMTA e grupos municipais para avanzar no bo sentido.

Coa creación deste órgano acercaríanse as empresas ós centros de FP, planificaríase de forma coherente a oferta de ciclos a impartir, coñeceríase a formación específica que necesitan as empresas e adecuaríase a formación á demanda empresarial.

IV.- Importancia da Formación Profesional

A formación é para ACIMTA un dos pilares para a creación de emprego no noso pobo, a idea é atraer novos alumnos que cheguen de municipios limítrofes así como de outras zonas de Galicia.

Na actualidade, no noso país, as ofertas de emprego que requiren Formación Profesional supoñen unha porcentaxe moi elevada do total, polo que creemos na importancia de traballar para implantar estes estudos na nosa localidade.

É polo que, á vista de todo o argumentado anteriormente **SOLICÍTASE**;

Tomar en conta a iniciativa proposta por ACIMTA estando dispostos a convir as reunións necesarias para o seu desenvolvemento e execución.

Taboada, a 28 de Septiembre de 2020

Fdo. Tamara Castro

Presidenta de ACIMTA

EXCMO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE TABOADA (LUGO)